

NOTA INFORMATIVA **AXENDA MUNICIPAL**

Xoves 19

11.00 h.

No CGAC, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Turismo e responsable da Santiago de Compostela Film Commission, Francisco Candela, para presentar o Primeiro Mercado Internacional da Curtametraxe de Santiago de Compostela. Na rolda tamén estarán Carlos Amoedo, secretario xeral de Cultura; Manuel Fernández, director xeral de Comunicación Audiovisual; Jesús Hernández, director de MEDIA DESK España; Manuel Olveira, director do CGAC; e Julio Casal, produtor executivo do Festival.

11.15 h.

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Cultura, Néstor Rego, e de María Flora Cajide Méndez, presidenta de Abagal, Asociación de Bulimia e Anorexia de Galicia, para presentar o Festival Solidario que se celebrará o venres ás 20.30 h. no Auditorio de Galicia.

11.30 h.

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Cultura, Néstor Rego, e de Concha Fontenla, directora de A Chokolataría, para presentar a exposición “Habana Factory”, que se inaugura o venres ás 20.00 h. na Chokolataría. Na rolda tamén estarán os artistas Sandra Ramos, Lázaro Saavedra, Luis Gómez e Fernando Rodríguez.

12.00 h.

No Salón Rahid do Hotel Araganey, o concelleiro de Cultura, Néstor Rego, asiste á **ROLDA DE PRENSA** de presentación do Festival de Cine Euro-Árabe Amal.

12:00 h.

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** da concelleira de Educación e Mocidade, Elvira Cienfuegos, para presentar o programa xeral de actividades da súa Concellaría e o programa Xuventude con Europa, en colaboración co Centro Xuvenil Don Bosco. Na rolda tamén estará un representante do centro.

12.00 h.

No Campo Municipal de Santa Isabel, o concelleiro de Deportes, Manuel Portas, explicará as novas características da devandita instalación.

12.30 h.

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Promoción Económica, Xosé Manuel Iglesias, para presentar os cursos dirixidos a titulados universitarios. Na rolda tamén estará o director xeral de Formación e Colocación, Pastor Fuenteseca.

13.00 h.

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Facenda, Xaquín Fernández Leiceaga, para presentar o proxecto das Ordenanzas Fiscais para o ano 2007.

20.00 h.

No Salón Nobre da Casa do Concello, recepción á Dirección Xeral do Catastro do Ministerio de Economía.

21.00 h.

No Auditorio de Galicia, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, asistirá á representación de "As vodas de Fígaro".

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2006